

QUEN TEME A ARTE CONTEMPORÁNEA?

APROXIMACIÓNS E AFASTAMENTOS ÁS PRÁCTICAS ARTÍSTICAS DO SÉCULO XX

CURSO DE HISTORIA DA ARTE CONTEMPORÁNEA

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Do 9 de xaneiro ao 13 de marzo de 2019

Horario: mércores de 19:00 a 20:30 h

Dirixe: Suso Fandiño

A arte do pasado século e a dos nosos días proxectan un desenvolvemento cheo de discontinuidades ateigado de referencias e de linguaxes que se encadean coa tradición artística occidental ou, polo contrario, co seu rexeitamento. A súa interpretación ofrécenos unha variedade de estratexias operativas suxeitas ao hábitat creado polas condicións ambientais de cada momento e á acción particular de cada autor.

O espectador foi a miúdo encaixado nun labor pasivo baseado nun mero procedemento contemplativo no formal e despois de toda capacidade de tradución, enfrontándose a un modelo heteroxéneo categorizado en estilos, movementos e axentes; un sistema de escrutinio baseado na maior ou menor abundancia de denominadores comúns ou diverxencias entre autores, obras e comportamentos artísticos.

O sistema da arte —habitualmente máis empeñado na disertación sobre os comos que no descubrimento dos porqués— cultivou unha predilección pola descrición formal, pola localización cronolóxica e, como consecuencia, pola taxonomía como metodoloxía que une *taxis* e *nomos*; ordenamento e norma.

O achegamento á arte contemporánea que propoñemos neste curso parte da refutación da categorización episódica e identifícase con ela. Este traxecto afástase da simplicidade nominal e normativa nun intento de crear unha nova escenografía rica en excepcións posibles e relacións improbables. Un encadramento de situación dislocado no temporal pero suxeito transversalmente aos diferentes movementos, tanto na súa riqueza de resultados, como na súa localización ao longo do tempo.

Procuraremos unha análise dos diferentes comportamentos artísticos como elementos hábiles na tarefa de producir significación desde a interpretación do contorno económico, social e político como coxerador de contidos. Isto permitiranos achegarnos a unha perspectiva multiplicada desde a que, sen estar en disposición de ofrecer respostas, si poderemos mellorar algunhas das nosas preguntas.

Suso Fandiño

PROGRAMA

9 xaneiro *Introdución: a invención da arte?*

16 xaneiro *Alguns impactos da historia da arte sobre a propia arte*

23 xaneiro *Naturezas, categorías e tipoloxías das vangardas*



Marcel van Eeden: *Zonder Titel*, 2002-2003. Colección CGAC

El arte del pasado siglo y el de nuestros días proyectan un desarrollo lleno de discontinuidades abarrotado de referencias y de lenguajes que se encadenan con la tradición artística occidental o, por el contrario, con su rechazo. Su interpretación, nos ofrece un surtido de estrategias operativas sujetas al hábitat creado por las condiciones ambientales de cada momento y a la acción particular de cada autor.

El espectador ha sido a menudo encajado en una labor pasiva basada en un mero procedimiento contemplativo en lo formal y despojada de toda capacidad de traducción, enfrentándose a un modelo heterogéneo categorizado en estilos, movimientos y agentes; un sistema de escrutinio basado en la mayor o menor abundancia de denominadores comunes o divergencias entre autores, obras y comportamientos artísticos.

El sistema del arte —habitualmente más empeñado en la disertación sobre los cómo que en el descubrimiento de los porqués— ha cultivado una predilección por la descripción formal, por la localización cronológica y, como consecuencia, por la taxonomía como metodología que aún *taxis* y *nomos*; ordenamiento y norma.

El acercamiento al arte contemporáneo que proponemos en este curso parte de la refutación de la categorización episódica y se identifica con ella. Este trayecto, se aleja de la simplicidad nominal y normativa en un intento de crear una nueva escenografía rica en excepciones posibles y relaciones improbables. Un encuadre de situación dislocado en lo temporal pero sujeto transversalmente a los diferentes movimientos, tanto en su riqueza de resultados, como en su localización a lo largo del tiempo.

Procuraremos un análisis de los diferentes comportamientos artísticos como elementos hábiles en la tarea de producir significación desde la interpretación del entorno económico, social y político como cogenerador de contenidos. Esto nos permitirá acercarnos a una perspectiva multiplicada desde la que, sin estar en disposición de ofrecer respuestas, sí podremos mejorar algunas de nuestras preguntas.

Suso Fandiño

PROGRAMA

9 enero *Introducción: ¿la invención del arte?*

16 enero *Algunos impactos de la historia del arte sobre el propio arte*

23 enero *Naturezas, categorías y tipologías de las vanguardias*

30 xaneiro *A retórica do monumento e o obxecto. De Willendorf a R. Mutt*
 6 febreiro *O manierismo expresionista. O pathos*
 13 febreiro *A síntese idealizada. O ethos*
 20 febreiro *A dexeneración do xénero. A desaparición da arte*
 27 febreiro *A imaxe como reflexo. A cultura popular*
 6 marzo *A imaxe funcionalizada. Arte e poder. Arte e relato mesiánico*
 13 marzo *A arte morreu... viva a arte!*

SUSO FANDIÑO

É licenciado e doutor en Belas Artes e Historia da Arte. Nado en 1971 en Santiago de Compostela, a súa traxectoria comeza co cambio de século e desenvólvese ata os nosos días a medio camiño entre a docencia e a práctica artística. Inicia a súa andaina integrado na nova xeración de artistas que protagonizou o cambio de dirección tomado pola arte galega desde a segunda década dos noventa. Entre os seus proxectos expositivos máis coñecidos atópanse as súas colaboracións coas galerías españolas Ad Hoc, T20 e Trayecto, a norteamericana Maus Contemporary ou a portuguesa Pedro Oliveira, onde desenvolve un continuo traballo expositivo e asiste a numerosas feiras de arte contemporánea entre as que cabe destacar ARCO, ao longo de trece edicións consecutivas; LOOP; e as realizadas no exterior: Art Lisboa, Paper Positions Berlin, Liste Art Fair e Drawing Now Paris, entre outras.

No ámbito institucional, leva a cabo proxectos tanto no campo da docencia e a divulgación como no artístico nas institucións máis importantes de Galicia (CGAC, MARCO, Fundación Barrié e MAC, entre outras). A súa obra forma parte de coleccións públicas e privadas españolas e internacionais como a Colección CGAC, a Fundación Coca-Cola, a Fundación Barrié ou a Jan Michalski Foundation. A súa serie *Vous êtes ici*, sobre o conflito sirio, recibiu en 2016 o máximo galardón no 24.º Premio Internacional de Gráfica Máximo Ramos.

30 enero *La retórica del monumento y el objeto. De Willendorf a R. Mutt*
 6 febrero *El manierismo expresionista. El pathos*
 13 febrero *La síntesis idealizada. El ethos*
 20 febrero *La degeneración del género. La desaparición del arte*
 27 febrero *La imagen como reflejo. La cultura popular*
 6 marzo *La imagen funcionalizada. Arte y poder. Arte y relato mesiánico*
 13 marzo *El arte ha muerto... ¡viva el arte!*

SUSO FANDIÑO

Es licenciado y doctor en Bellas Artes e Historia del Arte. Nacido en 1971 en Santiago de Compostela, su trayectoria comienza con el cambio de siglo y se desarrolla hasta nuestros días a medio camino entre la docencia y la práctica artística. Inicia su andadura integrado en la nueva generación de artistas que protagonizó el cambio de dirección tomado por el arte gallego desde la segunda década de los noventa. Entre sus proyectos expositivos más conocidos se encuentran sus colaboraciones con las galerías españolas Ad Hoc, T20 y Trayecto, la norteamericana Maus Contemporary o la portuguesa Pedro Oliveira, donde desarrolla un continuo trabajo expositivo y asiste a numerosas ferias de arte contemporáneo entre las que cabe destacar ARCO, a lo largo de trece ediciones consecutivas; LOOP; y las realizadas en el exterior: Art Lisboa, Paper Positions Berlin, Liste Art Fair y Drawing Now Paris, entre otras.

En el ámbito institucional, lleva a cabo proyectos tanto en el campo de la docencia y la divulgación como en el artístico en las instituciones más importantes de Galicia (CGAC, MARCO, Fundación Barrié y MAC, entre otras). Su obra forma parte de colecciones públicas y privadas españolas e internacionales como la Colección CGAC, la Fundación Coca-Cola, la Fundación Barrié o la Jan Michalski Foundation. Su serie *Vous êtes ici*, sobre el conflicto sirio, recibió en 2016 el máximo galardón en el 24.º Premio Internacional de Gráfica Máximo Ramos.

DESTINATARIOS: profesorado, estudiantes e público interesado na arte contemporánea.

PRAZAS: 150

INSCRIPCIÓN: O período de inscrición está aberto desde o 25 de outubro ata o 8 xaneiro de 2019. As persoas interesadas poden enviar unha mensaxe electrónica a cgac.educacion@xunta.gal. Deben indicar o seu nome completo, DNI, estudos, área de traballo ou interese, un enderezo de correo electrónico e un número de teléfono de contacto. Logo de aceptar as súas solicitudes, as persoas inscritas recibirán a información necesaria para realizar o pagamento.

MATRÍCULA: 30 €

CERTIFICACIÓN: O CGAC expediralle un certificado a todas aquelas persoas que asistan, como mínimo, ao 75 % das sesións.

COORDINACIÓN: Virginia Villar

DESTINATARIOS: profesorado, estudiantes y público interesado en la arte contemporáneo.

PLAZAS: 150

INSCRIPCIÓN: El período de inscripción está abierto desde el 25 de octubre hasta el 8 enero de 2019. Las personas interesadas pueden enviar un correo electrónico a cgac.educacion@xunta.gal. Deben indicar su nombre completo, DNI, estudios, área de trabajo o interés, una dirección de correo electrónico y un número de teléfono de contacto. Una vez aceptada su solicitud, las personas inscritas recibirán la información necesaria para realizar el pago.

MATRÍCULA: 30 €

CERTIFICACIÓN: El CGAC expedirá un certificado a todas aquellas personas que asistan, como mínimo, al 75 % de las sesiones.

COORDINACIÓN: Virginia Villar



DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN E ACTIVIDADES

Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703 Santiago de Compostela

Tels.: 981 546 602/31 / cgac.educacion@xunta.gal

www.cgac.xunta.gal



XUNTA
DE GALICIA

